




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Pontevedra. Municipio: Poio. Parroquias: San Salvador de Poio. Extensión: 1,68km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Pequena enseada con chaira costeira de depósitos sedimentarios de orixe fluvio-mariño, a modo de bancos de area e limo e áreas de marisma nas súas marxes. A vertente continental presenta unha ladeira inferior de escaso desnivel e un tramo superior con pendente moderada que dan forma ao val de Lourido flanqueado polo Monte Lourido e con cabeceira no alto da Xestosa de case 180m snm.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aínda que a base litolóxica da unidade está composta por granitos de feldspato alcalino con facies de gran medio a fino, as rocas dominantes son as metamórficas, concretamente os gneises glandulares, situados na parte oriental. Entre eles dispónse unha banda lonxitudinal de depósitos coluviais cuaternarios, aínda que cara á costa abundan os materiais de cono de dexestión do río Lérez.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Enseada con temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións medias acumuladas de 1200mm a 1400mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Por tanto o ambiente climático é Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

Pequena enseada con chans costeiros formados principalmente por areosos álbicos no extremo suroccidental xunto á praia do Polvorín e fluvisóis sálicos e tínicos relacionados co fluxo mareal na súa parte interna. Na vertente, en xeral de pendente moderada, desenvólvense fundamentalmente cambisóis dístricos de aptitude agropecuaria, pero na súa cabeceira os chans están menos desenvolvidos dando lugar a umbrisois dístricos con usos forestais.


#### AS AUGAS

A Enseada de Lourido, en contacto coas Augas de Transición do fondo da Ría de Pontevedra (20484), presenta unha pequena conca fluvial cuxo volume de auga é recolectado por un regato que desemboca no fondo da enseada.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de marismas e chairas intermareais, polo que vén representada, ademais con importancia, polos bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais someiros (hábitats 1110 e 1140). Tamén contén pequenas áreas de marisma (grupo 13), no fondo da Enseada de Lourido e na Punta Manaditas. Na punta areosa da pequena frecha que crece cara á enseada na súa parte occidental, existe unha antiga zona dunar completamente degradada. Interior densamente ocupado por cultivos e construcións, só podemos destacar algunhas pequenas agrupacións de frondosas, pouco densas, que combinan a recolonización a partir de campos abandonados coa hidromorfía da suavidade cóncava da conca.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O uso residencial orixinouse por todo o val de Lourido. As parcelas de uso agrícola están vinculadas ás vivendas, predominando o cultivo de cereais, patacas e viñedo, así como algún invernadoiro, os usos forestais sitúanse na ladeira este do Monte de Graña e en Monte da Xestosa. Destacar que pola proximidade da cidade de Pontevedra desenvólvense usos comerciais na unidade. Por último incidir na importancia do marisqueo nesta zona, relacionada con toda a actividade que se desenvolve na ría de Pontevedra.

#### MORFOLOXÍA

Unidade que tradicionalmente acolleu unha presión antrópica, debido á proximidade da capital de provincia. Os asentamentos tradicionais áchanse distribuídos ao longo do territorio, sobre todo en torno ao regato que desemboca no fondo da enseada, como é o caso de Lourido, na desembocadura, O Mato, Anafans e A Lagoa. Estes casaríos tradicionais xunto co de Sineiro e As Laxes, forman pequenas agrupacións deixando as parcelas lindeiras para o cultivo. Os crecementos contemporáneos reafirmaron dita tendencia á dispersión, mediante unha tipoloxía predominante de residencia unifamiliar illada. Estes crecementos apóianse sobre todo nas vías de comunicación, dotados de certa funcionalidade, é o caso da periferia do núcleo da Porteliña. Na zona suroeste da unidade desenvolveuse un espontáneo de carácter comercial.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade é cortada por tres estradas principais. A EP-0602, entra pola zona oeste e crúzaa paralela á liña de costa a moi pouca distancia. Nun nivel superior atopámonos a EP-0601, dividindo a unidade pola metade con dirección leste-oeste, dá acceso aos principais núcleos de poboación. Por último a estrada primaria PO-308, vía que comunica Pontevedra con Sanxenxo e que articula todas os núcleos existentes na fachada sur da Ría de Pontevedra. Na unidade transita polo fondo da ladeira continental, dando apoio á maioría do crecemento contemporáneo da unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A maioría de o patrimonio catalogado da unidade atópase no núcleo das Laxes e A Porteliña, formado pola Igrexa parroquial de San Salvador de Poio coa súa casa reitoral e varios cruceiros. En canto ao patrimonio arqueolóxico, existe no núcleo da Porteliña unha Necrópole medieval e no Monte da Graña atopámonos cos Petróglifos do Outeiro dos Carballiños, que xunto có de Lourido foron declarados Bens de Interese Cultural. A fábrica de conservas e o embarcadoro de Lourido son testemuñas da tradición marítima pesqueira que dominaba na comarca e da arquitectura industrial que hoxe en día se mantén como patrimonio cultural.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

O carácter e a organización territorial da unidade están influenciados pola morfoloxía do terreo: unha chaira costeira con gran representación das formacións intermareais típicas de marisma, que alterna bancos lamacentos e areosos. A ocupación humana foi na zona e na estruturación territorial, xerándose na actualidade unha paisaxe diversa, que presenta numerosas edificacións dispersas e rodeadas de terreos de cultivo moi parcelados. Os usos comerciais e as transformacións da liña de costa derivadas dalgúns recheos, engaden á paisaxe a carga antrópica que caracteriza á unidade, e á que se suman na actualidade as urbanizacións residenciais ao suroeste. É a costa sueste a que mantén unha certa coherencia estrutural, con parcelas de cultivo que chegan á liña de costa.

**DINÁMICA DA PAISAXE**


As maiores dinámicas existentes na unidade danse na fachada litoral, onde se executaron recheos da marisma xusto na desembocadura do regato e a aparición de naves e construcións residenciais, sobre todo ao suroeste. En canto ás ladeiras continentais apréciase unha lixeira diminución das parcelas de cultivo debido ao abandono das actividades tradicionais, sendo ocupadas por novas construcións residenciais.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN****VALORACIÓN DA PAISAXE**

O sistema natural que forman o regato e a enseada de Lourido cos seus depósitos sedimentarios na ría de Pontevedra conforman unha unidade con considerable singularidade dende o punto de vista paisaxístico e en conxunción cos núcleos rurais próximos á ribeira do arroio onde aínda se conserva a estrutura parcelaria de antano. Sumado a isto a existencia dun patrimonio tanto cultural como arqueolóxico. Existe unha boa visibilidade do conxunto dende a cima do Monte A Xestosa.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN







Crecementos dispersos na Enseada de Lourido, co obxectivo de ordenar os usos do chan e evitar a implantación de vivendas e usos comerciais dispersos na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais e sen funcións definidas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



